

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 20 DE AGOSTO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 8:37 horas do día 20 de agosto de 2012, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Paineiras, don Iván Puentes Rivera, dona Amalia García Balado, don José Antonio López Rodríguez, dona María Carmen Silvar Canosa, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asiste o concelleiro don Antón Lois Noceda Carballo, sen excusa.

Secretario accidental:

Don Fernando Aradas García.

Interventora accidental:

Dona Milagros López Álvarez.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, do proxecto básico e de execución da obra “Reparación das cubertas dos nichos do cemiterio municipal de Fene”**

Dáse conta da proposición da Alcaldía de data 16 de agosto de 2012, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

En data 15 de setembro de 2010 asinouse o “Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Fene para financiar a realización da obra de rehabilitación do edificio municipal no Parque Castelao”, cun orzamento total de 199.881,92 €.

A citada obra precisa da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural. Á vista do requirimento recibido, e dada a inviabilidade técnica de dar cumprimento ao esixido polo Servizo de Patrimonio, é polo que este Concello solicitou á Deputación Provincial da Coruña a substitución do obxecto do convenio suscrito, de xeito que a actuación “Restauración de Edificio Municipal no Parque Castelao para usos varios” sexa substituída por “Reparación das cubertas dos nichos do Cemiterio Municipal de Fene”.

O 13 de agosto do 2012 ten entrada no Concello de Fene o “Proxecto básico e de execución de reparación das cubertas dos nichos do cemiterio municipal de Fene” elaborado polo arquitecto A. Carlos Ardá Suárez (nº Colexiado 1.554).

Tendo en conta o informe do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, Lino Ameneiro Seijo, de 14 de agosto do 2012 e o informe de secretaría do 16 de agosto do 2012 en relación ó “Proxecto básico e de execución de reparación das cubertas dos nichos do cemiterio municipal de Fene” elaborado polo arquitecto A. Carlos Ardá Suárez (nº colexiado 1.554), esta alcaldía propón que o Pleno do Concello de Fene acorde:

PRIMEIRO.- Aprobar o “Proxecto básico e de execución de reparación das cubertas dos nichos do cemiterio municipal de Fene”.

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos.

Fene, a 16 de agosto de 2012.

O ALCALDE

Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

A Presidencia somete a votación ordinaria a inclusión na orde do día da proposición da Alcaldía de aprobación, se procede, do proxecto básico e de execución da obra “Reparación das cubertas dos nichos do cemiterio municipal de Fene”, sendo aprobada por unanimidade.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, explica que van votar a favor porque a obra do cemiterio é urxente e das prioritarias a realizar polo Concello. O único que queren é rogarlle ó Concello para que a obra da Casa de Cela se remate canto antes, que o proxecto non quede apartado e cando haxa ocasión de captar calquera tipo de fondo dunha administración se poida incluír dita obra.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que dende o BNG van favorecer que pase o proxecto adiante absténdose, é as razóns son obvias. O 31 de outubro a Deputación Provincial da Coruña cortounos os fondos, polo que entendemos que non se pode perder diñeiro e tamén entendemos que esta obra, que se propón como alternativa a restaurar a Casa da finca Cela, e unha obra tamén importante para os intereses dos nosos veciños, polo que nada que obxectar a iso. Agora ben, o que nos gustaría dicir é que se mire ben o proxecto inicial da Casa da finca de Cela posto que foi redactado polos mesmos técnicos que redactaron o PXOM e foi aprobado o proxecto con anterioridade á aprobación do PXOM, e digo isto polas proteccións que ten a Casa da finca de Cela. Dicimos isto, porque probablemente no seu momento a autorización de patrimonio non fora necesaria, e digo nese momento no ano 2001 – 2002, é precisamente por iso que patrimonio non ten dada unha autorización de algo que non tiña que autorizarse. O digo para que de aquí en adiante se mire dende o inicio e que se mire de solucionar, posto que se foron os mesmos redactores do PXOM os que posteriormente o catalogan o deberían catalogar segundo o proxecto que eles mesmos redactaron, o que é de sentido común. En todo caso, se debe atender ese ben público no sentido que non se deteriore mais.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que por motivos persoais non puido ver o expediente polo que se va abster neste punto.

A continuación, o presidente toma a palabra manifestando que teranse en conta as consideracións que se fixeron. No obstante, sinala, que os informes de patrimonio son bastante contundentes ante a realización de obras sen autorización con modificación do volume, de cubertas... creo que o tema é bastante grave e para ver con detemento, polo que

haberá que velo. Ademais, encóntranse abertas unhas dilixencias penais que, en principio, se salvarían co novo proxecto e que case mellor que quede a resultas do procedemento xudicial e logo se verá.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 16 de agosto de 2012, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10) (dos/as Sres/as, Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto, Serantes Paineiras, Puentes Rivera, García Balado, López Rodríguez e Silvar Canosa)

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6) (dos/as Sres/as Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

**PRIMEIRO.- Aprobar o “Proxecto básico e de execución de reparación das cubertas dos nichos do cemiterio municipal de Fene”.**

**SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos.**

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión ás 08:45 horas do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto na presente acta, do que eu, secretario accidental, dou fe.

Visto e praxe,  
O alcalde-presidente

Gumersindo Pedro Galego Feal

O secretario accidental,

Fernando Aradas García